

RELIXIÓN
CATÓLICA

6° ED.PRIMARIA

CURSO
2021-22

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización da programación
2. Actuacións para garantir a educación nos escenarios de semipresencialidade
3. Obxetivos en clave de competencias
4. Temporalización ,ponderación e instrumentos de avaliación para primeiro curso
5. Ensinanza transversais
6. Contidos, criterios de avaliación mínimos e non presencialidade esixibles para superar para 6º curso
7. Criterios de cualificación
8. Metodoloxía
9. Organización de espazos
10. Materiais e recursos didácticos
11. Atención á diversidade
12. Estratexias para incorporar as TIC na aula
13. Estratexias para estimular interese, hábito de lectura e desenvolver expresións oral e escrita
14. Actividades complementarias e extraescolares
15. Procedementos para valorar o axuste entre a programación didáctica e os resultados

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Neste curso 2021-2022, a programación didáctica debe atender ás especificacións dadas na *Instrución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021*. Así, reflectirase na presente programación a adecuación da acción docente á situación provocada pola COVID-19, incidindo na atención ao posible retraso académico producido durante o curso 2019-2020 e na forma de adaptar a metodoloxía e o currículo para acadar as aprendizaxes imprescindibles do pasado e presente curso académico, na modalidade presencial, semipresencial e/ou non presencial.

. Esta programación pretende completar o plan de acción para quinto curso de Educación Primaria . Será desenvolvida nun **CEIP** de 9 unidades . A xornada que se imparte neste centro é **xornada continuada**. Dito centro posúe os recursos e servizos propios dun centro desta tipoloxía e ademais participa en diferentes plans de dinamización : plan de Normalización Lingüística , plan de Convivencia Escolar, plan de Dinamización das TICs , PLAMBE...

2. ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A EDUCACIÓN NOS ESCENARIOS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE:

A situación provocada pola COVID-19 obríganos a **planificar unha atención educativa que contemple posibles escenarios de semipresencialidade e/ou non presencialidade**. Debido ás medidas que as autoridades sanitarias consideren oportuno levar a cabo dependendo da evolución da pandemia, pódese producir que un ou varios alumnos estén en illamento ou corentena mentres o resto do grupo continúa de forma presencial, ou que a talidade do alumnado teña que continuar a súa formación de forma non presencial.

Para elo, e en consoancia co **Plan de Continxencia** elaborado polo centro conforme ás directrices do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19, acórdanse as seguintes actuacións:

- Durante o proceso educativo presencial no centro, o alumnado será instruído no manexo da aula virtual do centro, e o **equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- **A atención ao alumnado** que deba continuar o proceso formativo de forma non presencial será levado a cabo baixo as seguintes directrices:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, a través das canles de comunicación sinaladas no “Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2021-2022” (páxina web do centro, aplicación “AbalarMobil”, teléfono do centro, servizo de videoconferencias “Webex Cisco” e contas de correo das familias e as corporativas do profesorado) tanto para coñecer a evolución do seu estado de saúde como para atender as demandas educativas do alumnado.

b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) Complementar as tarefas propostas a través da aula virtual coa **utilización dos libros de texto** e a proposta de tarefas para **realizar nas libretas**.

1. OBXECTIVOS EN CLAVE DE COMPETENCIAS

• Cultural e artística (CA)

Sinalar crenzas, deuses, espazos e ritos sagrados das relixións prehistóricas e antigas.

Aprender a identificar e interpretar elementos simbólicos na arte relixiosa.

Valorar o patrimonio cultural e artístico das grandes relixións antigas.

Apreciar como as mesmas inqedanzas de salvación aparecen na arte actual.

Aprender e identificar elementos simbólicos da cultura e da relixión xudía.

Coñecer e comprender algunhas características das relixións monoteístas, en concreto do xudaísmo.

Coñecer a Abraham como patriarca, a Moisés como liberador, a Samuel como xuíz e a Xeremías como profeta do pobo de Israel.

Manexar a *Biblia* para buscar citas

Coñecer e respectar os fundadores, as crenzas, os ritos, os templos e os libros das grandes relixións.

Aprender a observar e interpretar elementos relixiosos propios de persoas hinduístas próximas.

Valorar o patrimonio cultural herdado por influencia islámica.

Coñecer e respectar crenzas e expresións de fe distintas da propia.

Coñecer o sentido e a profundidade da achega cristiá á cultura.

Recoñecer o legado de Xesús no teatro, na danza, na música, na arquitectura, no cine, na pintura, na escultura e na literatura.

Cantar cancións con mensaxe humana, cristiá, social e espiritual.

Coñecer e identificar os ritos e os signos presentes nas principais celebracións cristiás.

Aprender a identificar e interpretar elementos simbólicos na pintura *Adoración dos Reis* de Giotto.

Desenvolver a creatividade na elaboración dunha estrela.

Descubrir as peregrinacións como patrimonio cultural e relixioso.

Recoñecer e nomear símbolos relixiosos que expresan a presenza e o significado do Espírito Santo.

Manexar a Biblia para buscar unha cita sobre Pentecoste.

Coñecer e identificar os ritos e os signos presentes no sacramento da Confirmación.

Coñecer e identificar os signos e os ritos do sacramento da Orde.

Recoñecer e interpretar os elementos simbólicos na obra de arte *No nome de Deus*.

• Social e cidadá (SC)

Coñecer e respectar a diversidade de crenzas a partir de afondar na festa xudía.

Manter unha actitude de tolerancia e respecto ante as tradicións relixiosas distintas da propia.

Coñecer o contexto xeográfico, político e relixioso nos tempos de Xesús para descubrir o valor central da súa persoa.

Distinguir actitudes de respecto fronte a actitudes contrarias.

Dar respostas respectuosas ante posibles situacións contraditorias.

Coñecer relixións distintas e respectar os crentes.

Valorar e asumir a mensaxe de Xesús como clave na conversión ao cristianismo.

Desenvolver actitudes baseadas na solidariedade e na cooperación a partir dunha carreira de substitucións simbólica.

Valorar o testemuño de persoas cristiás comprometidas coa sociedade e coas necesidades humanas.

Aprender a construír unha personalidade humana baseada na mensaxe cristiá.

Comprender e asumir a mensaxe de Xesús sobre a igualdade e a fraternidade universal.

Valorar o amor e os seus froitos de xustiza, misericordia, perdón, doazón dun mesmo, entrega en favor dos pobres, non-violencia, compromiso e participación responsable.

Pescudar como lle chaman a Xesús os musulmáns e os xudeus.

Desenvolver actitudes baseadas na fraternidade.

Valorar o testemuño cristián e a coherencia entre a súa fe e vida.

Relacionar a misión da Igrexa co anuncio do Evanxeo, a celebración dos sacramentos e o vivir segundo as ensinanzas de Xesús.

Valorar a doazón dun mesmo.

Desenvolver actitudes baseadas na solidariedade, na xustiza e na caridade.

Aprender a recoñecer as inxustizas e a discriminación.

Descubrir e asumir valores de corresponsabilidade social ante os retos do mundo actual.

Valorar o testemuño de persoas cristiás comprometidas coa sociedade.

• **Coñecemento e interacción co mundo físico (CIMF)**

Contemplan elementos do mundo natural que adquiren significado simbólico relixioso..

• **Matemática (M)**

Identificar e diferenciar a forma xeométrica nas pirámides e noutras construcións funerarias da relixión do antigo

Egipto.

Ordenar cronoloxicamente no tempo.

Saber recoller datos e organizalos en táboas.

Calcular as dimensións e as distancias de Palestina a partir de coordenadas coñecidas dun mapa do país de Xesús.

Saber recoller datos sobre o hinduísmo e o budismo e plasmarlos en táboas.

Saber recoller datos sobre a vida de Xesús e plasmarlos en táboas.

Utilizar unidades de medida espacial para calcular distancias sobre un mapa do país de Xesús.

• **Aprender a aprender (AA) /**

Saber buscar información sobre personaxes da historia do pobo de Israel.

Sintetizar información sobre estes personaxes en murais e táboas.

Interpretar esquemas conceptuais sobre o respecto polos demais.
Sintetizar información sobre as relixións.
Analizar casos para clasificar as súas actitudes como virtudes cristiás de fe, de esperanza ou de caridade.
Completar fichas de observación sistemática de obras de arte de inspiración cristiá.
Interpretar esquemas conceptuais.
Traballar en equipo para recompilar e expoñer noticias positivas.
Relacionar de forma lóxica froitos do Espírito Santo con algunhas accións. Completar fichas sobre o sacramento da Confirmación.
Buscar información en grupo sobre a Confirmación en distintas Igrexas cristiás.
Completar táboas sobre a expansión do cristianismo.
Sintetizar a mensaxe do Credo da Igrexa Católica nunha táboa.
Interpretar e completar esquemas conceptuais sobre a organización da Igrexa.
Clasificar distintos conceptos segundo se trate de retos da Igrexa actual ou de medios que utiliza.
Elaborar táboas con datos sobre institucións da Igrexa e extraer conclusións.

• **Autonomía e iniciativa persoal (AIP)**

Recoñecer a dignidade e o sentido da propia vida.
Identificar os sentimentos que esperta a beleza de diversos elementos naturais.
Aprender a abrirse á interioridade, ao significado último da existencia.
Identificar os propios sentimentos fronte á falta de respecto
Buscar o ben e a verdade.
Reflexionar sobre o feito do Nadal e emitir un xuízo baseado en valores evanxélicos.
Formular as propias ilusións.
Definir pautas concretas para lograr obxectivos persoais.
Recoñecer as súas actitudes e capacidades.
Opinar con liberdade e respecto sobre os sacramentos de iniciación.
Afondar no propio autocoñecemento elixindo unha escala de valores.
Planificar accións de axuda.

• **Comunicación lingüística (CL)**

Expresar con claridade e confianza as propias ideas e crenzas.
Interpretar a linguaxe poética do mito de Eco e Narciso e comprender o seu sentido.
Ampliar o vocabulario relacionado coas relixións
Relacionar a Alianza de Deus co pobo de Israel nos exemplos de Abraham, Moisés, Samuel e Xeremías.
Comprender a mensaxe esencial dos textos bíblicos
Interpretar a linguaxe poética dunha lenda sobre o arco da vella e comprender o seu sentido.
Comprender unha cita de Buda sobre a convivencia.

Ampliar o vocabulario relixioso con conceptos doutras relixións. Interpretar mensaxes non-verbais como a linguaxe corporal propia da oración.

Valorar o testemuño cristián e a coherencia entre a crenza e a vida cristiá.

Expresar as súas vivencias espirituais e reflexións.

Comprender a linguaxe bíblica do relato do encontro con Simeón.

Relacionar este encontro con actitudes de ilusión.

Comprender o relato de Xesús no Templo.

Valorar o testemuño de persoas cristiás comprometidas coa sociedade e cos máis necesitados.

Descubrir o testemuño dos primeiros cristiáns e valorar a coherencia entre a crenza e a vida cristiá.

Comprender a mensaxe de Xesús sobre a igualdade e a fraternidade universal e relacionala cos Dereitos Humanos.

Expresarse correctamente de forma escrita, con sinceridade e confianza.

Comprender frases da linguaxe doutrinal sobre a realidade da Igrexa, a súa misión e a súa organización e usar os conceptos de xeito preciso.

Asociar a linguaxe litúrxica da celebración da Orde co seu significado e intención.

• **Tratamento da información e competencia dixital (TI-D) / Lingüístico-verbal e visual-espacial**

Utilizar as novas tecnoloxías para obter información sobre o alcance e a localización das grandes relixións no mundo actual.

Identificar e utilizar as novas tecnoloxías para obter información sobre Sor María Troncatti e a súa misión.

Identificar e utilizar as novas tecnoloxías para obter información sobre distintos santos misioneiros.

Consultar páxinas web relacionadas cos símbolos do Espírito Santo.

Investigar en Internet sobre a Infancia Misioneira.

2. TEMPORALIZACIÓN , PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE SEXTO CURSO.

LEND
para os porcentaxes do “**grao mínimo de consecución**”
dos Estándares de Aprendizaxe Avaliables:

Entre 0% e 10%: “non acadado”
 Entre 10% e 15%: “en proceso”
 Entre 15% e 20%: “acadado con axuda”
 Entre 20% e 30%: “acadado sen axuda”

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T	T	T	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
			1	2	3	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
REC-B1.1	6º-REC-B1.1.1 - Identifica e xuzga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	30%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC
REC-B1.2	6º-REC-B1.2.1 - Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.	30%	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC, CSIEE
REC-B1.3	6º-REC-B1.3.1 - Descubre e explica por qué os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.	30%	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Investigacións. Exposición dun tema.	CSC, CCEC
REC-B1.4	6º-REC-B1.4.1 - Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de	30%	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.	CAA, CSC, CSIEE

	cambio para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.					INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	
REC-B2.1	6º-REC-B2.1.1 - Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.	25%		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL, CSC
REC-B2.1	6º-REC-B2.1.2 - Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.	25%		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	CCL, CCEC, CSIEE
REC-B2.1	6º-REC-B2.1.3 - Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.	25%		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.	CAA, CCL, CSC
REC-B3.1	6º-REC-B3.1.1 - Busca nos discursos do Evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.	25%			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	CCL, CAA
REC-B3.1	6º-REC-B3.1.2 - Identifica e sintetiza os	25%		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL, CSC

	rasgos que Xesús desvela do Pai nos discursos do Evanxeo de Xoán.					INSTRUMENTOS: Textos escritos.	
REC-B3.2	6º-REC-B3.2.1 - Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos.	25%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.</p>	CAA, CSC
REC-B3.3	6º-REC-B3.3.1 - Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.	25%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.</p>	CSC, CCL
REC-B3.3	6º-REC-B3.3.2 - Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	25%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.</p>	CAA, CSC, CD
REC-B4.1	6º-REC-B4.1.1 - Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.	20%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.</p>	CCL, CSC
REC-B4.1	6º-REC-B4.1.2 - Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o	20%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	CSC, CCEC

	Matrimonio.					Investigacións. Cuestionario aberto.	
REC-B4.2	6º-REC-B4.2.1 - Extrapolá e explica os principais signos pascuais.	20%			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	CAA, CCEC
REC-B4.2	6º-REC-B4.2.2 - Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.	20%			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CSC, CCEC, CAA
REC-B4.3	6º-REC-B4.3.1 - Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.	20%			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	CCL, CSC

3. ENSINANZAS TRANSVERSAIS DE SEXTO CURSO

• **Educación moral e cívica:**

Valor para afrontar os problemas.

Interese polo mundo interior da persoa.

Actitude de superación.

Valoración das propias calidades.

Adquisición progresiva de seguridade en si mesmo/a para enfrontarse a calquera situación e resolver aquelas que sexan conflitivas.

Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

Interese por coñecer os aspectos positivos doutras culturas.

Coñecemento de tradicións culturais e relixiosas distintas á propia.

Reflexión sobre as actitudes fronte a persoas de diversas ideas ou crenzas.
Valoración da importancia das tradicións e das crenzas relixiosas para as persoas.
Actitude de respecto a todas as persoas, crenzas e tradicións.
Valoración do voluntariado dentro das parroquias en favor dos máis necesitados da sociedade.
Importancia da vida en paz e en harmonía.
Valoración da boa convivencia.
Esforzo por amosar respecto cara a un/unha mesmo/a e cara aos demais.
Distinción de actitudes respectuosas.
Identificación de persoas hinduístas e valoración da súa cultura e forma de vida.
Superación de prexuízos respecto das persoas ou dos grupos sociais minoritarios.
Interese por coñecer os aspectos positivos da cultura hinduísta, a budista e a musulmá e valoralos adecuadamente.
Interese por coñecer a vida dos cristiáns e os seus valores.
Valoración das distintas formas de dar testemuño de Xesús.
Aprecio polos dons da fe, da esperanza e da caridade.
Aprecio polo servizo aos máis pobres e a entrega da vida ao seguimento de Xesús.
Agradecemento pola herdanza relixiosa e de valores recibidos dos pais.
Compromiso para actuar seguindo un valor elixido.
Interese por establecer relacións afectivas cos demais.
Aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan na planificación e realización de tarefas comúns.
Importancia e valoración do labor que a Igrexa, a través das súas institucións, ofrece desinteresadamente aos máis necesitados.
Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubriendo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.
Interese por coñecer as distintas celebracións do Nadal.
Significado profundo dos xestos e tradicións do Nadal.
Valores que transmiten os relatos bíblicos do Nadal, da Anunciación, do nacemento de Xesús, da fuxida a Exipto, da adoración de pastores e dos magos de Oriente.
Valores e actitudes que move a celebración do Nadal nos nosos días.
Superación de prexuízos respecto das persoas ou grupos sociais minoritarios.
Valorar as boas novas do contorno.
Interese por establecer relacións afectivas cos demais.
Aprecio polo valor da ilusión.
Comprensión do sufrimento de María e Xosé cando perden a Xesús no templo de Xerusalén.
Interese por vivir o valor da fraternidade universal.
Valoración das diferenzas e das semellanzas entre as persoas.
Admiración e interese por coñecer a vida de cristiáns exemplares.
Importancia e valoración do labor que a Igrexa, a través das súas institucións, ofrece

desinteresadamente aos máis necesitados.

Aprecio e identificación dos froitos do Espírito en accións cotiás.

Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

Participación nas tarefas de grupo, amosando actitudes de solidariedade e colaboración.

Respecto e interese polos compañeiros ou coñecidos que deciden recibir o sacramento da Confirmación.

Respecto polas celebracións doutras igrexas cristiás.

Preocupación ante as dificultades dos demais e promoción de actitudes de axuda e solidariedade.

Identificación e análise das causas que provocan situacións de marxinación e inxustiza social.

Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que o rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas, así como recoñecendo e valorando criticamente as súas diferenzas.

Importancia da escala de valores propia de cada persoa e da actuación en consecuencia.

Interese por coñecer a Igrexa, a súa misión e as súas actuacións concretas para construír un mundo mellor.

Valoración da diversidade de membros que forman a Igrexa Universal.

Interese por coñecer a mensaxe cristiá a través da arte actual.

Valoración de ter unha actitude alegre e sinxela ante a vida.

Interese pola autocrítica.

Interese por coñecer os aspectos positivos doutras culturas e valoralos adecuadamente.

Superación de prexuízos respecto das persoas ou dos grupos sociais minoritarios.

Comprensión da importancia de manter limpos os espazos públicos usando as papeleiras.

Importancia de atopar a felicidade nos valores e nas persoas e non na posesión de obxectos.

Recoñecemento do bo uso da tecnoloxía, por exemplo facendo un uso razoable e mesurado das consolas.

Aceptación e aprecio adecuado da súa forma de ser e de actuar.

Recoñecemento das actitudes que lles gustaría imitar dos demais.

Importancia de estar atento ás necesidades dos demais.

Elección de valores que levan á felicidade.

Comprensión da felicidade como forza interior e como cando a repartimos entre os demais, é cando de verdade a recibimos.

Interese por establecer relacións afectivas cos demais.

Valoración da alegría das festas cristiás e interese por coñecelas.

Participación nas actividades de grupo, respectando os puntos de vista dos demais.

Participación nas tarefas de grupo, amosando actitudes de solidariedade e colaboración.

Valoración da necesidade de ter un sentido da vida como medio de superar as adversidades.

Coherencia necesaria entre as crenzas, os pensamentos e as actuacións.

Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa

existencia e obrando en consecuencia.

Admiración da fidelidade de Xesús a Deus, a sí mesmo e aos demais.

Interese por descubrir distintos modelos de vida cristiá.

Comprensión da valentía e o esforzo que supoñen o actuar de forma coherente coas súas crenzas.

Estima polas actuacións libres de prexuizos.

Agradecemento ás persoas que influíron positivamente na súa vida

• **Educación para a paz:**

Importancia do diálogo para solucionar problemas.

Análise de posturas e actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...

Respecto e tolerancia cara ás opinións, crenzas e tradicións alleas.

Descubrimento e valoración das calidades e aptitudes dos demais.

Aceptación das diferenzas.

Análise de posturas e actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...

Interese por coñecer o novo mandamento de Xesús para alcanzar a verdadeira paz cun mesmo e cos demais.

Respecto e tolerancia cara ás opinións alleas.

Adopción de actitudes que favorezan vivir en paz: diálogo, perdón, colaboración, aceptación

• **Educación para a igualdade entre os sexos:**

Interese por descubrir a dignidade da persoa e valorala.

Valoración do home e da muller, desde a súa dignidade de persoa e como seres máis importantes da Creación.

Rexeitamento de calquera manifestación que supoña discriminación baseada na diferenza de sexo.

Rexeitamento de calquera manifestación que supoña discriminación.

Importancia e valoración da mensaxe de Xesús e da doutrina da Igrexa sobre a dignidade do home e da muller como fillos de Deus.

Asunción das tarefas que deben realizarse, independentemente de que se sexa home ou muller.

• **Educación ambiental:**

Descubrimento global do contorno como elemento imprescindible para a vida.

Interese por respectar a natureza, obra da Creación ao servizo do home e da muller.

Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.

Coñecer e valorar o patrimonio natural do país de Xesús.

Respecto polas orientacións da Igrexa e de moitos santos sobre o respecto cara á natureza, as plantas, os animais...

Valoración do traballo das persoas que colaboraron e colaboran na mellora do medio natural.

• **Educación sexual:**

Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade, a tenrura e a igualdade entre os sexos

• **Educación para a saúde e a calidade de vida:**

Actitude de axuda cara ás persoas enfermas, débiles, anciás, indefensas..., e colaboración con estas.

Actitude de rexeitamento cara a calquera práctica que vaia en contra da vida e da saúde, e de acollida cara a aquelas que a favorezan..

Valoración adecuada do tempo e valoración da vida sen présas innecesarias.

Importancia da esperanza en situacións de enfermidade.

• **Educación viaria:**

Actitude de colaboración con persoas diminuídas e con aquelas que teñen dificultades para circular.

• **Educación do consumidor:**

Actuación responsable na utilización de servizos e bens de consumo.

Actitude de rexeitamento do consumismo.

Sensibilización ante os colectivos que non poden satisfacer as necesidades básicas e actitude de colaboración.

4. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR SEXTO CURSO

En consonancia coas Instrucións do 30 de xullo de 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, identificamos as “aprendizaxes imprescindibles” que o alumnado debe adquirir para o desenvolvemento das competencias clave. Deste xeito, amosamos a continuación a relación dos Estándares de Aprendizaxe Avaliables do currículo programados na anterior táboa, pero reducidos a “aprendizaxes imprescindibles”:

Contidos:

- Relixións prehistóricas: crenzas, espazos e tempos sagrados. .
- Orixe, divindades, crenzas, símbolos, libros sagrados, lugares de culto e lugar de peregrinación do budismo., hinduísmo e islam.
- O legado de Xesús no teatro e na danza, na música, na arquitectura, no cine, na pintura e escultura e na literatura.
- As virtudes cristiás: fe, esperanza e caridade.
- Identificación do verdadeiro significado do Nadal: nace Xesucristo, que desvela o Pai.
- Trazos comúns en diversas escenas evanxélicas sobre o nacemento: a Anunciación a María e aos pastores e a procura do rei por parte dos magos.

- Relato bíblico: Xesús e os seus seguidores, envío e misión dos Doce.
- O compromiso persoal cos demais.
- A celebración litúrxica das festas cristiás.
- A fidelidade de Xesús a Deus, a si mesmo e aos demais.
- A conciencia, a liberdade e a paz, alicerces do proxecto de vida cristián.

Cráterios:

- Explicar os sentimentos que lle esperta a beleza de diversos elementos naturais.
- Interpreta e valora manifestacións sapienciais procedentes de textos bíblicos..
- Amosar respecto e valorar o patrimonio cultural destas relixións.
- Resumir a misión de Xesús aos seus discípulos e vinculala á actualidade.
- Coñecer as virtudes cristiás.
- Identificar obras de arte coa mensaxe cristiá.
- Comprender o significado profundo das tradicións e xestos do Nadal.
- Localizar no evanxeo de Xoán pasaxes nas que Xesús desvela o Pai..
- Valora o testemuño de persoas cristiás comprometidas coa sociedade e as necesidades humanas.
- Aprende a valorar e a respectar as festas e o modo de vida cristiáns.
- Identifica a Xesús como modelo de fidelidade.
- Sabe tomar decisións de forma responsable segundo os propios valores.

5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación das aprendizaxes realizarase de forma contínua e formativa, e preferentemente de forma presencial. De non ser posible a avaliación presencial do traballo realizado polo alumnado, establecemos as seguintes estratexias e instrumentos de avaliación para o ensino non presencial

- Reconto das cualificacións acumuladas na aula virtual, a través do rexistro de realización das tarefas (enquisas, tarefas entregables, etc.)
- Análise do portfolio do alumnado a través do envío de evidencias a través do correo electrónico (fotos dos traballos realizados, vídeos...)
- Valoración do esforzo realizado polo alumnado tendo en conta as súas condicións individuais e/ou familiares (análise do contexto familiar a través das titorías).

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Sexto Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Esta proposta pode servir como referente.

	<i>Criterios</i>
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Caligrafía. • Destrezas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo na clase e na casa. • Creatividade. • ...
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Tempo de realización. • Destrezas. • ...
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • ...
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese. • ...
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo. • ...
6. Arquivo de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo. • ...
7. Experiencias e traballos de investigación.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado dos manuais de consulta (enciclopedias, dicionario...) e de Internet. • Correcta selección, interpretación e síntese da información. • Espírito de cooperación e compañeirismo...

6. METODOLOXÍA

A situación provocada pola pandemia da COVID-19 obríganos a tomar medidas de carácter organizativo e metodolóxico, polo que se atenderá ás puntualizacións redactadas nos apartados do Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2020-2021 nos que se especifican os usos das diferentes espazos e emprego de materiais.

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu

redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Relixión Católica.

A **integración das Competencias** e das **Intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita, hipótese, comprobación, conclusións, resolución de problemas...) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van utilizar, a elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

A conxunción do traballo individual e o colectivo, das actividades na clase, durante excursións ou no laboratorio, e da reflexión e da resolución práctica contribúe a asentar o coñecemento integrado e globalizado do medio social, natural e cultural que o envolve.

Á hora de avaliar, a **rúbrica de avaliación** convértese para o profesor nun instrumento ou guía dunha serie de criterios avaliábeis de coñecementos e competencias, en distintos graos de consecución, logrados polo alumno.

O **uso das TIC** en Relixión Católica facilita a observación de procesos e procedementos, a manipulación-elaboración de exercicios e dótaas dun compoñente lúdico e motivacional.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de aprendizaxe que expoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno de Quinto Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das Competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan Competencias e Intelixencias múltiples: traballo individual, en grupo, traballo cooperativo en Proxectos, uso das TIC, actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de

dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de Competencias a todos os alumnos.

7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Trátase de explicitar, como no caso que propoñemos, en que espazos se van desenvolver as aprendizaxes e a diversidade de propostas establecidas.

<i>Espazos</i>	<i>Secuencia</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Aula: Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, canón...). A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos, e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma. Distribución posible en grupos, asemblea, recunchos de xogo e traballo individual. • Espazos comúns: Patio, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática... • Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas...): Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo. • ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Motivación inicial e activación de coñecementos previos. • Desenvolvemento dos contidos e actividades. • Actividades de reforzo, ampliación e avaliación.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Relixión Católica de

SEXTO Curso.

- fichas fotocopiáveis
- Murais
- Láminas de arte.
- Recursos educativos digitais.
- Rede para a aula.

Outros recursos

- Encerado digital.
- Novo Testamento ou *Bíblia*.
- Dicionário e atlas.
- Material funxible.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o artigo 16 do Decreto 105/2014, para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Dentro da programación tamén temos que ter previstas as actuacións para os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado da nosa aula. Desta forma, e atendendo a todo o proposto na lexislación vixente, a programación recolle como medida de atención á diversidade, actividades específicas destinadas a axudar a conseguir os obxectivos a aqueles alumnos e alumnas que poidan atopar máis dificultades (**actividades de reforzo**). Deste mesmo xeito, tamén teremos preparado traballo alternativo para aqueles alumnos e alumnas, que, por diversos motivos, xa tivesen adquiridos os obxectivos que nos propuxésemos (**actividades de ampliación**). Outras medidas de atención á diversidade, tendo en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que se suxiren nesta programación son: 1) Apoios recibidos dentro e fora da aula, segundo as necesidades, polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. 2) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. 3) Realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos. Deseguido amósase un exemplo:

Atención á diversidade

- ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO): Fichas fotocopiáveis con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.
- AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- ENSINANZA TORIZADA.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

10. ESTRATEXIAS PARA INCORPORAR AS TIC NA AULA

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades da área de Relixión Católica para SEXTO Curso, que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web</i>	Actividades interactivas : O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta.

11. ESTRATEXIAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E DESENVOLVER A EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Lectura:

- Lectura de fichas fotocopiáveis
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en papel e en pantalla.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa área de Relixión Católica.

Exemplo:

- Visita a unha igrexa e explicar as súas partes e a súa liturxia.
- Visita a un museo pictórico e analizar a simboloxía a través da arte.
- Facer unha excursión ao campo e identificar os elementos da natureza regalo de Deus. Identificar os símbolos de vida (auga, luz...).
- Visitar unha exposición de nacementos.
- Visita do Paxe Real
- Levar flores á Virxe María.
- Participación no Festival de Nadal organizado polo centro educativo, talleres,
- Exposición, xornadas..., interesantes desde o punto de vista da área de Relixión Católica.
- Participación nas diferentes celebracións

13. PROCEDIMENTOS PARA VALORAR O AXUSTE ENTRE A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E OS RESULTADOS

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e os materiais didácticos	Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta as aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinarietà (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre o profesorado.		
Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades		

diversidade	e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		
...

	Alumnos							
	1	2	3	4	5	6	7	8
PROGRAMACIÓN DE APOIOS A NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS
Atención individualizada na aula para a realización das actividades propostas. Adaptación das actividades da programación. Atención individualizada dentro e fóra da aula para a realización das actividades adaptadas. Adaptación curricular significativa por necesidades educativas especiais. Adaptación curricular por alta capacidade intelectual. Adaptacións no material curricular por								

incorporación tardía no sistema educativo. ...								
--	--	--	--	--	--	--	--	--